

O idioma galego, alarmas e esperanzas

Xaime Subiela

Este texto non responde á pregunta sobre se o idioma galego vai ben ou vai mal, quen procure unha idea ou outra non vai atopala. Pretende dar conta da complexidade do fenómeno lingüístico na sociedade galega, da súa riqueza, diversidade e evolución contradictoria. Aludir á complexidade non é unha fórmula para eludir pronunciarse sobre a situación, é un paradigma e unha estratexia de coñecemento que permite comprender mellor a realidade, que non ten un só sentido, nin unha soa causa. Manías de científico social.

O coñecemento social sobre a lingua adoita apreciarse en Galicia como un instrumento ao servizo das formas confrontadas de descrición da realidade. De forma algo paradoxal, quen define a realidade en termos catastróficos para o idioma galego son os principais promotores da súa revitalización, e quen aprecia que a evolución é relativamente favorable son os responsables públicos, menos reivindicativos neste ámbito. Os primeiros concentran a atención na ruptura abrupta da transmisión interxeracional, e os segundos nunha maior presenza do galego en diferentes ámbitos coincidindo coa instauración da Comunidade Autónoma; ambos téñense por realistas e apelan ás súas evidencias perceptivas. Isto é unha simplificación, pero permítenos apreciar como conviven percepcións moi diferentes da realidade: quen di “agora si que se fala, non é coma antes”, e quen di “o galego é un fenómeno residual que aguanta en canto non morren os vellos que o falan”.

O idioma galego ten un problema de reprodución lingüística. Durante varias xeracións reduciuse considerablemente o traspaso de pais a fillos; neste proceso de modernización “*desarrollista*” e de paso do “campo” á cidade o galego foi quedando polo camiño. A caída no uso do galego foi moi acelerada a partir dos anos 60 sendo máis suave a partir dos anos 90. Esta visión negativa para o idioma é tan certa como que o galego está hoxe presente en moitos ámbitos nos que nunca estivera, incorporouse con pleno dereito e para quedarse en moitos contextos dos que estivera secularmente desprazada. Mesmo en contornos emerxentes asociados á sociedade da información, os que marcan tendencias de futuro, o galego ten máis vitalidade que en ámbitos tradicionalmente asociados ás sociedades “industriais” modernas.

O galego vai ben e vai mal simultaneamente, non é só unha percepción; na realidade avanza e retrocede. Sendo honestos, a escaseza de coñecementos e modelos explicativos non nos permite valorar a situación de xeito adecuado. Considero que o fatalismo positivo ou negativo son igualmente acríticos. Por suposto, moitas visións optimistas ou pesimistas están fundamentadas, e a realidade pode ser catastrófica ou idílica; que non sexa simple non quere dicir que sexa equilibrada. No caso do idioma galego creo conveniente comprender a situación con todos os seus matices; de cara a unha acción revitalizadora debemos tomar consciencia dos aspectos positivos e das oportunidades, ao lado das fortes dinámicas contrarias. Ao meu xuízo é máis “comprometido” e máis útil.

A planificación estratéxica adoita utilizar a técnica DAFO para diagnosticar situacións. Trátase dun sistema moi sinxelo de organizar e valorar a información de cara a tomar decisións e intervir nun campo. Avalíanse os aspectos negativos e positivos, internos (en acto) e externos (en potencia), cruzando estes eixos ordenamos a realidade en: **D**ebilidades, **A**mezas, **F**ortalezas e **O**portunidades. Isto faise coa intención de corrixir as Debilidades (ou reducilas), afrontar as Amezas, manter as Fortalezas (ou melloralas), e explotar

as Oportunidades. Este texto non está pensado en clave de planificación pública; a perspectiva é máis ben a da socioloxía da lingua, pero creo apropiado valorar de forma dinámica os elementos positivos e negativos para aprehender a complexidade da situación. O coñecemento social é e debe ser un útil para acción social e pública, mais penso que debemos aprender a utilizar este saber con toda a súa potencialidade.

O saber das enquisas

Boa parte dos datos recollidos nesta análise proceden das investigacións levadas a cabo pola Real Academia Galega e o Instituto Galego de Estatística, aproveitamos tamén as análises feitas por parte do Consello da Cultura Galega¹. Hai que advertir sobre a dificultade para valorar a evolución da lingua galega a partir de traballos con diferenzas metodolóxicas, o que fai por veces que as comparacións sexan un pouco forzadas.

Os datos para analizar globalmente a evolución da lingua galega proceden das seguintes fontes:

Cadro 1

Estudos sobre o uso social do galego baseados en enquisas

Institución	Enquisa	Ano	Universo e mostra	Resultados
Instituto Galego de Estatística (IGE)	Censo de Poboación e vivendas 1991	1991	Poboación residente en Galiza.	
	Censo de Poboación e vivendas 2001	2001	Poboación residente en Galiza.	www.ige.eu
	Enquisa de condicións de vida das familias 2003 (ECVF 2003). <i>Módulo coñecemento e uso do galego</i>	2003	Persoas de 5 e máis anos, residentes en vivendas familiares principais (algúns apartados as persoas de 16 ou máis anos). Mostra: 6.500 fogares, aprox. 20.000 persoas	
	ECVF 2008	2008	Persoas de 5 e máis anos, residentes en vivendas familiares principais (algúns apartados as persoas de 16 ou máis anos). Mostra: 10.272 fogares	www.ige.eu

¹ En especial a publicación do Consello da Cultura Galega de 2005: A sociedade galega e o idioma: evolución sociolingüística de Galicia (1992-2003) que sistematiza o conxunto dos datos. Quero agradecer ademais a Hakan Casares, Henrique Monteagudo, Bieito Silva, Carlos Neira e ao CDSG as achegas para poder facer a miña análise.

Cadro 1 (Continuación)

Estudios sobre o uso social do galego baseados en enquisas

Institución	Enquisa	Ano	Universo e mostra	Resultados
Real Academia Galega (RAG)	Mapa Sociolingüístico de Galicia 1992 (MSG 1992)	1992	Persoas de 16 anos e máis residentes en Galiza. Mostra: 38.897 entrevistas	I-Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia (1994), II- Usos Lingüísticos en Galicia (1995), III- Actitudes Lingüísticas en Galicia (1996)
	Mapa Sociolingüístico de Galicia 2004 (MSG 2004)	2004	Persoas de 15 a 54 anos residentes en Galicia, total: 1.509.518. Mostra: 9.309 entrevistas + 405 galego estremeiro	Mapa Sociolingüístico de Galicia 2004. Volume I. Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia. Volume II. Usos Lingüísticos en Galicia
Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS)	Conocimiento y uso de las lenguas en España	1993	Mostra: 681 entrevistas en Galiza	Siguán, M.: CIS-Opiniones y Actitudes, nº 2 (1994)
	Conocimiento y uso de las lenguas	1998	Mostra: 681 entrevistas en Galiza	Siguán, M, CIS-Opiniones y Actitudes, nº 22 (1999)
Observatorio da Lingua Galega – SXPL- Xunta de Galicia	Situación da lingua galega na sociedade. Observación no ámbito de cidadanía. Observación en diversos ámbitos	2007	Poboación de 15 ou máis residente en Galicia. Mostra: 2500 entrevistas (observación cidadanía)	www.observatoriodalinguagalega.com/

A utilización das linguas, o mesmo que outros fenómenos sociais, non pode coñecerse de xeito directo. O coñecemento científico do idioma galego está baseado principalmente nas enquisas feitas no período democrático. Cabe facer dúas observacións sobre o valor e os límites desta forma de aproximación á realidade sociolingüística.

A percepción do uso

A nivel macro, o que coñecemos é a percepción das persoas entrevistadas sobre os seus propios usos, cousa habitual nas ciencias sociais. O grao de utilización das linguas adoita fundamentarse no concepto *lingua habitual*, que vén dado pola resposta nas enquisas á pregunta: *En que lingua fala habitualmente?* O que describen as enquisas non é a utilización efectiva, senón a apreciación que a persoa entrevistada fai dos usos lingüísticos, que vén filtrada pola propia valoración do idioma e a desexabilidade social –o que o enquisado estima que é mellor–, o feito de que estas enquisas se desenvolvan en galego e por institucións identificadas como promotoras deste idioma tampouco é neutro.

Simplificación de opcións

Os entrevistados teñen que reducir a súa diversidade de comportamentos ás opcións formuladas no cuestionario. Para o caso da utilización do galego as alternativas son:

¿Que lingua fala habitualmente?²

- 1.- Só galego
- 2.- Máis galego ca castelán
- 3.- Máis castelán ca galego
- 4.- Só castelán
- 5.- Noutra/s lingua/s


O significado das opcións *Máis galego ca castelán* e *Máis castelán ca galego*, pode ser moi diverso. Ademais de incluír unha casuística de diferente intensidade de uso, non está claro que opere de xeito simétrico, é dicir que sexa igual o caso do castelán e do galego. En todo caso, para os efectos deste traballo consideramos galegofalantes ás persoas que responden Só galego e Máis galego ca castelán, e castelanfalantes: Só castelán e Máis castelán ca galego; así como monolingües a quen responde Só galego ou Só castelán.

O uso da lingua galega

Se analizamos cal é lingua habitual da poboación galega, e diferenciamos entre quen fala só ou máis galego por unha parte, e quen fala só ou máis castelán por outra, o balance global é favorable ao galego.

Gráfica 1

Língua habitual. Comparación 1992-2008



Fonte: Elaboración propia. RAG, *Mapa Sociolingüístico de Galicia 1992* e IGE, *Enquisa de Condicións de Vida das Familias 2008*

O galego continúa sendo o idioma maioritario da poboación galega. Se facemos caso do traballo máis recente do ano 2008 sería galegofalante o 57% da poboación galega. Esta é unha característica predominante da sociedade galega, desde hai séculos o galego foi o idioma maioritario da poboación, por períodos case exclusivo. Pero vemos que cada vez vaino sendo menos, e isto apreciámolo por dúas vías: comparando os datos das primeiras e as últimas enquisas (Gráfica 1) e vendo cal é a lingua habitual en función da idade.

2] Esta é a fórmula do MSG-04 e da ECVF-08, no caso do MSG-92 utilizouse a pregunta: Que lingua fala? coas mesmas opcións de resposta; no caso do censo as opcións de resposta son: Sempre/Ás veces/Nunca.


Perda masiva de falantes do idioma galego

Se comparamos os datos do ano 1992 cos do 2008 vemos que houbo unha baixada moi pronunciada na utilización do galego, do 69% ao 57% de galegofalantes. Unha caída de 12 puntos porcentuais que se corresponde fundamentalmente cun descenso do número de monolingües en galego e un aumento de monolingües en castelán.

Esta tendencia percíbese de xeito máis drástico se analizamos a diferenza de usos entre xeracións. Na Gráfica 2 vemos como nas cohortes de maior idade o 80% falaba maioritariamente en galego; deles ata un 60% era monolingüe en galego. A partir de aquí vai minguando o número de galegofalantes ata chegar ás cohortes dos máis novos; nesta franxa arredor dun 40% falaría máis galego, sendo menos do 20% monolingües en galego³.

Lingua habitual. Distribución de uso segundo idades

Gráfica 2




Fonte: IGE, Enquisa de Condicións de Vida das Familias 2008

³ Estas cifras proceden da Enquisa de condicións de vida das familias do ano 2008, e correspóndense bastante coa xeneralidade dos traballos sociolingüísticos, mesmo hai unha certa equivalencia entre o conxunto dos que responden Só galego e Máis galego ca castelán cos que din falar galego Sempre no Censo de 2001 (din falar Sempre galego o 56,84% do total, o que oscila entre 75,54% dos maiores de 65 anos, e 41,46% para a cohorte de 10 a 14 anos).

Se analizamos a utilización das linguas nas diferentes cohortes de idade como evolución do uso do galego, podemos dar conta do traspaso entre xeracións. Pois ben, apreciamos unha serie de tendencias, que se perciben visualmente na gráfica 3 e na Táboa, e que nos permite tirar tres conclusións:

Gráfica 3

Lingua habitual. Evolución de uso interxeracional



Fonte: IGE, *Enquisa de Condicións de Vida das Familias 2008*

Táboa 1

Lingua habitual, evolución de uso interxeracional distribución de uso en % para cada cohorte

	5-9 anos	10-14	15-19	20-24	25-29	30-34	35-39	40-44
Só galego	17,1	16,3	20,8	20,8	19,1	18,5	21,4	25,3
<i>Diferenzas entre cohortes</i>	-0,8	4,4	0,1	-1,7	-0,6	2,9	3,9	5,8
Máis galego ca castelán	22,6	21,7	22,6	23,8	26,6	25,3	25,9	29,9
<i>Diferenzas entre cohortes</i>	-0,8	0,9	1,2	2,8	-1,3	0,5	4,0	-2,1
Só galego e máis galego	39,7	38,1	43,4	44,7	45,7	43,9	47,2	55,2
<i>Diferenzas entre cohortes</i>	-1,6	5,3	1,3	1,0	-1,8	3,4	7,9	3,8
Máis castelán ca galego	31,3	33,2	31,9	3,7	29,5	29,9	27,3	22,7
Só castelán	28,0	27,6	23,8	23,0	23,3	24,1	23,9	20,7
Só castelán e máis castelán	59,4	60,8	55,7	53,7	52,7	54,0	51,2	43,5

Fonte: IGE, *Enquisa de Condicións de Vida das Familias 2008*

Táboa 1 (Continuación)

Lingua habitual, evolución de uso interxeracional distribución de uso en % para cada cohorte

	45-49	50-54	55-59	60-64	65-69	70-74	75 ou +
Só galego	31,1	33,1	37,8	40,8	48,0	54,6	60,4
<i>Diferenzas entre cohortes</i>	1,9	4,8	3,0	7,2	6,5	5,8	
Máis galego ca castelán	27,8	32,2	32,5	31,4	28,7	25,4	22,8
<i>Diferenzas entre cohortes</i>	4,4	0,3	-1,2	-2,6	-3,3	-2,6	
Só galego e máis galego	58,9	65,3	70,4	72,2	76,8	79,9	83,2
<i>Diferenzas entre cohortes</i>	6,3	5,1	1,8	4,6	3,2	3,2	
Máis castelán ca galego	21,5	17,4	16,0	13,5	10,4	10,0	7,6
Só castelán	18,5	16,6	12,6	13,4	11,8	9,3	7,9
Só castelán e máis castelán	40,0	34,0	28,7	26,8	22,2	19,3	15,5

Fonte: IGE, *Enquisa de Condicións de Vida das Familias 2008*

(a) **Caída masiva na utilización da lingua galega nos últimos 50 anos.** Os datos do 2008 dan conta do terrible descenso do uso do idioma galego, se comparamos a súa utilización entre os maiores de 75 anos e os menores 40 anos a redución sitúase arredor de 40 puntos porcentuais, ou o que é o mesmo unha redución do número de galegofalantes á metade. Parte deste descenso refírese a persoas que mudaron o galego polo castelán ao longo da súa vida, pero a maior parte ten que ver cunha ruptura abrupta no traspaso interxeracional: nais e pais que non lle falaban aos seus fillos a lingua que falaban eles. Se analizamos este fenómeno podemos identificar dous momentos no proceso de substitución lingüística.


Un primeiro é o transvase principal dos monolingües en galego cara aos que din falar máis galego ca castelán; prodúcese nas persoas entre 60 e 75 anos (do ano 2008), cunha caída de 20 puntos porcentuais, pasando nesa breve diferenza de idade de falar só en galego o 60% a facelo o 40%. Este descenso continuou ata situarse no 20% de monolingües en galego entre as xeracións menores de 40 anos.

O segundo momento atende ao cambio de signo nos usos lingüísticos, o salto de falar só ou maioritariamente en galego a facelo en castelán. O descenso interxeracional máis pronunciado atopámolo entre as persoas que teñen entre 35 e 55 anos. O 70% dos nados na década dos cincuenta son galegofalantes, cifra que se sitúa nun 47% para os nados a mediados dos setenta. Por baixo desta idade (40 anos) o uso do castelán vai ser superior ao galego en todas as xeracións. Analizado en conxunto o traspaso entre xeracións poderíamos considerar que o bilingüismo con predominio do galego foi unha etapa entre os monolingües en galego e os castelanfalantes, e que boa parte do proceso de substitución lingüística ten que ver coa ruptura do traspaso entre xeracións máis que con cambios de lingua nos usos das persoas.

Se vemos a diferenza na reprodución lingüística da lingua propia que existe entre Galiza e Cataluña, observamos que nesta comunidade a tendencia é que lles falan máis catalán aos fillos do que falan coa parella ou cos pais, isto fai que o uso do catalán fose aumentando nos últimos anos -se ben foi reducíndose a porcentaxe sobre o conxunto pola recente chegada masiva de inmigrantes-. En Galicia a tendencia foi á inversa moitos pais deixáronlles de falar aos seus fillos a lingua que falaban cos seus pais e coa súa parella.

Este proceso masivo de substitución lingüística foi paralelo á modernización “*desarrollista*”. En canto o mundo tradicional foi hexemónico o galego tamén o foi, pero non foi capaz de incorporarse aos novos ámbitos, e mesmo os galegofalantes que se incorporaron aos novos mundos deixaron a lingua polo camiño, ou máis ben, propiciaron que os seus fillos non a falasen. Foi a redución drástica da realidade “rural” o que levou aparellada a caída colosal no uso do galego (Gráfica 4); o ámbito que permitía a reprodución do galego de forma espontánea foi mingando e con el a súa vitalidade demográfica -se ben o galego tamén foi/é o idioma do mundo popular urbano. En todo caso, a enorme caída da poboación agraria non é equivalente a baixada da poboación rural; a relevancia das aldeas e os pequenos núcleos é moito máis relevante do que nos daría a entender a ocupación agraria (7,8 de ocupación no sector primario fronte a un 31,4 de residentes en concellos de menos de 10.000 habitantes en 2010).

Relación da % de galegofalantes segundo o ano de nacemento e a % de persoas ocupadas no sector primario



Fonte: IGE, ECVF 2008, Censos de poboación 1950, 1960, 1970, 1981, 1991, 2001.

(b) **Contención do descenso no uso do galego.** A pronunciada baixada que tivo lugar na segunda metade do século XX foise freando nas últimas décadas. Se observamos a distribución na utilización das dúas linguas da cohorte de idade de 30-35 é bastante semellante á que teñen os de 15 a 19 anos. Non está claro se estamos perdendo falantes de galego a un ritmo moito menor ou se hai propiamente unha contención da caída⁴. Pero os últimos datos mostran unha tendencia á estabilización dos usos; os nacidos a mediados de 1970 manteñen unha utilización da lingua galega relativamente coincidente coas xeracións máis recentes.

Avanzo a seguinte hipótese: existe un *solo de reprodución da lingua galega*, baseado en contextos sociais onde a transmisión interxeracional deste idioma continúa vivente. A relevancia numérica deste fenómeno non é nada desprezable, esta base de reprodución da lingua galega situaríase entre un 30% (na versión menos favorable) e un 40% da poboación. Segundo os últimos datos dispoñibles (IGE-ECVF 2008) serían galegofalantes algo máis do 40% das xeracións situadas entre os 15 e os 35 anos. Unha cifra semellante alcanzan as persoas que din falarlle aos seus fillos e fillas en galego, o que reforza a idea deste solo de reprodución.


En sentido contrario, vemos aumentar o número de persoas monolingües en castelán situándose por riba do 20% entre as persoas nadas despois da década dos sesenta. Non é incompatible o afianzamento dun grupo galegófono co feito de que máis xente teña como lingua case exclusiva o castelán.

c) **O galego é o idioma maioritario da sociedade galega** por ser o que fala a inmensa maioría da xente maior. O galego xa deixou de ser a lingua habitual maioritaria entre os menores de 40 anos; isto podemos percibilo se comparamos a pirámide de poboación galega (Gráfica 5) coa dos galegofalantes.

Debemos comprender que as porcentaxes utilizadas en todo este apartado mostran a distribución de usos das linguas dentro de cada cohorte de idade, pero cada grupo non ten a mesma relevancia no conxunto da poboación. Somos unha sociedade moi envellecida e cunha feble base demográfica; ata o ano 1980 máis de 40.000 persoas nacían cada ano en Galiza, na década de 1990 e 2000 os nacementos andan arredor dos 20.000 anuais. En consecuencia as xeracións maiores de 30 anos teñen un maior peso relativo na actualidade.

⁴ Nas gráficas 2 e 3 apreciamos un comportamento diferente para os menores de 15 a respecto das cohortes de idade seguinte. Non é fácil determinar se nos atopamos diante dun fenómeno etario ou xeracional; é dicir, se a diferenza é produto da idade (5-9 e 10-14 anos) ou propiamente un descenso a respecto das xeracións anteriores. No caso da ECVF, igual que no censo, estas respostas veñen filtradas pola persoa que responde, previsiblemente a nai ou o pai. No seu momento o Seminario de Sociolingüística da RAG sinalaba os 16 anos como a idade arredor da cal se configuraban ou consolidaban as tendencias de uso propias dos adultos. O noso xuízo é máis razoable e prudente utilizar as cohortes de idade superiores aos 15 anos para valorar as tendencias entre xeracións.

Pirámide de poboación / Pirámide galegofalantes 2008



Fonte: IGE, *Enquisa de Condicións de Vida das Familias 2008 e Padrón de habitantes 2008*.


A pirámide dános conta da porcentaxe de cada cohorte de idade en relación ao conxunto da poboación diferenciado por sexo. Apréciase un peso superior da xente maior entre os galegofalantes do que xa ten no conxunto da sociedade. Permítenos percibir tamén outro fenómeno: a maior porcentaxe de mulleres castelánfalantes. Vemos un peso menor das mulleres galegofalantes en toda a pirámide, hai que exceptuar a cohorte de mulleres máis maiores onde se concentra unha porcentaxe moi importante -devida en parte á maior lonxevidade feminina⁵

Lingua e hábitat

Galiza é lingüisticamente moi variada. Se as cifras anteriores se refiren ao conxunto, a situación é moi diferente dependendo do territorio do que esteamos falando. Nalgúns espazos urbanos a situación é bastante menos favorable para o galego, e se nos referimos en especial á xente nova dalgunhas cidades o galego ten unha presenza marxinal. Como sabemos, a sociedade galega é hoxe maioritariamente urbana, 1.600.000 persoas (de 2.800.000) viven nas áreas urbanas das cidades, das cales arredor dun millón viven nas 7 cidades centrais (ver capítulo de Territorio). Se a isto lle engadimos moitas vilas cabeceira de concellos que operan con parámetros urbanos, vemos que a Galiza actual é moi diferente á de hai 50 anos. Tampouco nos confundamos, non é toda urbana; o urbano é hexemónico e maioritario, pero unha parte relevante do país vive en aldeas e pequenos núcleos, un terzo do país reside en concellos por baixo dos 10.000 habitantes.

⁵ O feito de non dispoñer de datos desagregados para os maiores de 75 anos produce o efecto visual da concentración. Tampouco se recollen datos referidos aos menores de 5 anos ao non existir.


Lingua habitual por hábitat. Distribución de uso en número de persoas



Fonte: IGE, Enquisa de Condicións de Vida das Familias 2008

Na Gráfica 6 mostramos a información en cifras absolutas, as persoas que se corresponderían a unha ou outra categoría, agrupando a poboación en tres hábitats relativamente equivalentes no seu tamaño global (concellos de menos de 10.000 habitantes, entre 10.000 e 50.000 habitantes, e os de máis de 50.000 habitantes). A presenza da lingua galega nas cidades é moito máis reducida ca no conxunto da poboación. Algo máis dun terzo das cidades son monolingües en castelán, ao que hai que engadir outro terzo de persoas que falan máis castelán ca galego; en total dous terzos dos habitantes das cidades son castelanfalantes. O outro terzo dos habitantes das 7 cidades di ser galegofalante (Só galego ou Máis galego), o que supón arredor de 300.000 persoas.

Lingua nas 7 cidades. Distribución de uso



Fonte: IGE, Enquisa de Condicións de Vida das Familias 2008


Dentro das cidades o comportamento non é nada homoxéneo. Hai cidades na que o uso do galego é importante, onde a proporción entre galegofalantes e castelanfalantes é similar en termos numéricos, falamos de Santiago, Lugo e Ourense. No resto das cidades o castelán é a lingua claramente maioritaria, o número de galegofalantes en cidades como A Coruña ou Vigo sitúase arredor da cuarta parte da poboación; o caso máis extremo sería Ferrol onde os galegofalantes non chegarían ao 20%. Cabe chamar a atención sobre os monolingües en castelán que en cidades como Vigo ou Ferrol sitúanse no 43%. Se cruzamos os datos dalgunha destas cidades coa variable idade veriamos que entre os máis novos o galego ten unha presenza moi escasa. Sendo conscientes da importancia non só cuantitativa senón cualitativa que teñen as cidades, a situación é de verdadeira alarma para a subsistencia do galego neste ámbito.

Competencia lingüística

A comprensión do idioma galego atinxe case a totalidade da poboación; na práctica todos os residentes en Galiza entenden o galego, e a gran maioría da sociedade é capaz de falalo, 9 de cada 10 (Gráfica 8, para analizar a competencia tomamos os datos do censo). Cambia bastante a cousa se nos referimos ao ámbito escrito e a comprensión lectora; esta é moito máis baixa como cabe esperar dunha lingua que botou séculos fóra dos ámbitos escritos estandarizados. En todo caso, a evolución da capacidade de ler e escribir en galego foi notablemente positiva, en apenas dez anos o número de persoas que din dispor destas competencias aumentou 20 puntos porcentuais.

Competencia lingüística. Comparación do censo 1991 e 2001


Gráfica 8



Fonte: Censo de poboación 2001

Se analizamos a súa evolución vemos que as xeracións máis maiores teñen menos capacidade para ler ou escribir en galego, mentres que nas xeracións máis novas estas competencias son moito máis elevadas. Isto correspóndese fundamentalmente coa incorporación deste idioma ao ensino regrado; pero non só, a mellora na competencia escrita afecta tamén ás persoas que non tiveron o galego como materia escolar. É moi probable que non esteamos falando só de competencia lingüística, senón tamén da extensión da normativa estándar para o galego; este salto ten que ver coa percepción dos non escolarizados en galego para desenvolvérense correctamente na norma estándar. A familiarización ambiental co galego escrito e a súa norma oficial procedeu por varias vías: uso das administracións, requisitos e méritos no acceso a elas, cursos de galego, e indirectamente a través do ensino, e mesmo da radio e da televisión galegas.

Competencia en galego por idades



Fonte: Censo de poboación 2001

Nos últimos anos os problemas foron mudando. As xeracións máis maiores eran ágrafas no seu propio idioma, en xeral había un enorme déficit na súa alfabetización, e iso dificultaba a lectura e escritura. Disto pasamos a unhas xeracións que teñen un alto coñecemento do galego a través da educación, pero que en moitos casos teñen dificultades para desenvolverse neste idioma; dispoñen dos coñecementos pero a moitos fállanlle as destrezas comunicativas prácticas. Estamos falando dun idioma, o feito de que non o utilicen, nin dispoñan de moitos espazos de socialización mingua a súa competencia comunicativa de carácter efectivo.

Ten interese avaliar o galego en relación co grao de coñecemento da lingua propia noutras comunidades bilingües. O mecanismo que nos permite unha mellor comparación da información son os datos do censo de 2001, que incorporan módulos equivalentes sobre as linguas propias. Pois ben, os datos das diferentes competencias lingüísticas para os maiores de 16 anos recóllense na Táboa 2.

Táboa 2

Coñecemento das linguas propias nas comunidades bilingües

	Entender	Entender e falar	Entender, falar e ler	Entender, falar, ler e escribir
Illas Baleares	87,60%	60,30%	52,60%	36,70%
Cataluña	93,60%	69,20%	65,60%	48,90%
Comunidade Valenciana	84,70%	47,40%	37,80%	23,40%
Galiza	98,70%	89,80%	65,90%	56,00%
Navarra (Comunidade Foral) ⁶	31,00%	27,80%	24,60%	23,10%
País Vasco	56,60%	51,80%	47,20%	45,80%

Fonte: Censo de poboación 2001

6] En Navarra os datos non van referidos a todos os municipios, só aos considerados bilingües.

Vemos que o galego tiña na altura de 2001 os mellores datos en relación coas outras linguas das comunidades bilingües en todas as competencias. Enténdeo na práctica toda a poboación e di saber falalo o 90%, o que contrasta con outras comunidades. Nos outros territorios con linguas de procedencia latina o grao de comprensión da lingua propia é moi alto, pero a capacidade para falalo xa se reduce de forma considerable. A competencia oral en galego está realmente moi estendida se o comparamos coas outras linguas, estando a inmensa maior parte da sociedade capacitada para comunicarse neste idioma. Cabe sinalar que as tres comunidades de lingua catalá teñen unha porcentaxe de poboación inmigrante moi superior á galega, e boa parte destas diferenzas atenden a esta particularidade. Se comparamos por exemplo as poboacións orixinarias de Galiza e de Cataluña as cifras serían moito máis parellas.

No referido ás competencias de lectura e escritura tamén as cifras son moi superiores ás outras comunidades -agás con respecto de Cataluña-; case 2/3 da poboación sabe ler en galego e máis da metade sabe escribilo. Os datos de comunidades como Valencia recortan estes datos á metade. As comunidades que falan éuscaro teñen unha especificidade moi marcada; a súa distancia lingüística a respecto do castelán e a escasa proporción de euscaldúns fai as competencias estean moito máis niveladas, e boa parte dos que o comprenden, tamén o saben falar ler e escribir.

Linguas no ensino


A escola foi tradicionalmente un ámbito desgaleguizador, nin se aprendía a lingua do país nin tampouco se utilizaba, en xeral, o idioma maioritario da sociedade como vehículo da educación por motivos pedagóxicos. Ademais de prohibicións e ocultacións reproduciu os prexuízos contra o galego, todo isto sancionado coa “autoritas do saber”. A chegada da democracia e a institucionalización de Galiza como Comunidade Autónoma -que tivo a competencia de educación case desde o comezo- abriu un novo campo de posibilidades para o galego.

Desde o principio da Autonomía confiouse no sistema educativo para cumprir dous cometidos de grande importancia: (a) contribuír á recuperación social do idioma, a súa dignificación como lingua de cultura e de ciencia desmontando así moitos prexuízos; e (b) garantir a competencia bilingüe universal de xeito que ao remate do ensino obrigatorio todo o alumnado dispuxese dun dominio oral e escrito de ambas as linguas.

No referido a este último obxectivo non houbo apenas avaliacións da efectividade sobre a aprendizaxe do galego. Pero en data recente o Instituto de Ciencias da Educación da USC desenvolveu unha investigación⁷ para avaliar a competencia do alumnado de 4º da ESO (fin da educación obrigatoria) que permite facer un certo balance da situación. O que vemos é que existe diferenza nas competencias en galego e en castelán, especialmente na expresión escrita, e que a media non acada un nivel aceptable en galego e ten un aprobado raspado en castelán (ver Gráfica 10, o valor medio sería 3). Tamén se aprecian diferenzas en función dos contextos lingüísticos dos rapaces, de xeito que o alumnado máis galegófono ten unha competencia bilingüe bastante homoxénea fronte ao castelanófono que domina peor o galego.

Competencia en expresión escrita e oral

Gráfica 10



Fonte: ICE- USC, *Avaliación da competencia do alumnado de 4º da ESO nos idiomas castelán e galego.*

7] Vén un resumo desta investigación nun artigo publicado polo seu director, Bieito Silva, no número de xullo de 2010 de *Tempos Novos*.

Polo que se refire ao outro grande obxectivo, sempre se lle atribuíu ao ensino o protagonismo principal na promoción do galego. Boa parte do desenvolvemento normativo, da acción civil e das loitas sociais polo idioma producíronse neste campo (tamén as contrarias), e foi hexemónica a concepción do sistema educativo como clave da bóveda da normalización lingüística.

Ao meu xuízo, o galego está moito máis presente no sistema educativo ca en ningún ámbito social (salvo o cultural). Contribuíu decisivamente a erosionar os prexuízos seculares en contra do galego, dignificalo como idioma de prestixio, e a estender amplamente a competencia neste idioma. Non foi só bondade dos gobernantes, o ensino é un dos ámbitos onde se foi facendo hexemónico o discurso normalizador e onde confluíu o activismo na promoción do galego co labor dunha parte importante do profesorado. Á dedicación e empeño de moitos profesores e profesoras hai que engadir o labor dos Equipos de Normalización Lingüística que desenvolveron un traballo moi valioso na dinamización do galego nos centros de ensino, a Coordinadora Galega de ENDLs é o referente. En todo caso, a súa capacidade para deter a perda de falantes non parece moi efectiva, mesmo en determinados ámbitos continúa a ser un axente desgaleguizador, non só polo que acontece dentro das aulas máis polo que os centros de ensino teñen de ámbitos de socialización infantil e xuvenil.

Non podemos facer pivotar sobre o sistema educativo a revitalización da lingua galega, pero debemos ser conscientes da súa importancia, no pasado recente e como potencial para o futuro. A sociedade é o suficientemente madura para converter o ensino nese ámbito de compensación das carencias noutras áreas sociais, e cumprir de xeito efectivo as aspiracións colectivas da inmensa maioría da sociedade. A escola non debe reflectir simplemente o que a sociedade é, senón ser un axente de cambio que contribúa ao que anhela: uns cidadáns plurilingües nunha sociedade multilingüe, que salvagarde e promova a lingua propia.

Lingua nos medios de comunicación

Os medios de comunicación funcionan en castelán de forma moi maioritaria. A práctica totalidade teñen reducido o galego a porcentaxes non superiores ao 5% da súa programación/información, agás excepcións que poden ser enumeradas, a Televisión Galega e certas televisións locais, a Radio Galega e algunhas radios municipais, *Galicia Hoxe*, *A Nosa Terra*, *Tempos Novos* e algunha prensa comarcal. A Radio e a Televisión autonómicas tiveron bastante relevancia na reconsideración social do galego, fixo habitual escoitar o galego en ámbitos nos que non se adoitaba. Determinados programas de grande audiencia foron símbolos que permanecen na memoria colectiva ou na grella televisiva: *Mareas Vivas*, *Luar*, *Galicia en goles* e *Xabarín*, serían algúns exemplos. En todo caso a Televisión non significa o mesmo cando había unha oferta de 3 canles, que cando foron 6 ou cando son innúmeras; as opcións para ter oferta en galego redúcese de xeito considerable.

Pasando a valorar a prensa escrita a situación é bastante desoladora. Non houbo apenas avances durante os últimos 30 anos, de non ser a aparición de *Galicia Hoxe* (antes *O Correo Galego*) e do *Xornal de Galicia*, que sen ser integramente en galego ten unha porcentaxe moi superior aos outros medios.

Vemos que a información no idioma propio é escasísima, o 3,69% de galego sobre a superficie redaccional no ano 2003 (sen contar *Galicia Hoxe*), e o 4,6% en 2007 por parte do 6 medios analizados. Tomando como referencia o traballo *A lingua das novas* de Miguel Túñez e Xosé López, tamén apreciamos que a evolución do uso do galego non é moi alentadora, se a media de uso dos xornais en 1977 era do 2,8%, no ano 1987 era de 4,01, para chegar a un 5,11% de presenza en 2003. O avance entre o ano 1987 e 2007 foi mínimo, logo de recibir cuantiosas axudas públicas para aumentar o seu uso. Por outra parte o propio uso deste idioma está asociado a determinadas áreas, principalmente cultura e educación.

Importancia cualitativamente distinta foi a aparición de medios en Internet integramente en galego; a experiencia de *Vieiros*, hoxe tristemente desaparecido, foi realmente seminal e relevante. Algo máis que un medio de información, foi catalizando e difundindo iniciativas diversas e xerando unha comunidade galega virtual. Experiencias posteriores como *blogmillo* ou *chuza* foron moi activas na consolidación desta comunidade galegófona na rede, e que a presenza do galego en internet (polo lado da oferta) sexa moi superior a outros ámbitos.

Táboa 3
Media das páxinas de información e publicidade en galego

Xornal	Páxinas información en galego, 2003	Media de páxinas do xornal, 2003	% presenza do galego (información + publicidade), 2003	Observatorio da LG % galego na información, 2007
Atlántico Diario	1,9	74,5	3,76%	
Diario de Arousa	3	57,9	7,77%	
Diario de Ferrol	2,3	66	5,15%	
Diario de Pontevedra	4,0	85,1	7,52%	
El Correo Gallego	2,3	76	5,79%	5,60%
El Ideal Gallego	1,2	69,9	2,86%	
El Progreso	1,9	79,7	5,02%	8,60%
Faro de Vigo	1,1	77,8	3,86%	4,20%
La Opinión	1,3	68,4	3,22%	
La Región	2,3	69	6,38%	4,40%
La Voz de Galicia	2	77,8	5,53%	4,10%
El País				1,00%
Total (sen Galicia Hoxe)	23,2	802	5,15%	4,6% (dos 6 xornais observados)

Fonte: Elaboración propia a partir de Túñez López, Miguel e López García, Xosé, *A lingua das novas*, CCG, 2009 e Observatorio da Lingua Galega, *Observación no ámbito dos Medios de Comunicación 2008*.

Lingua nas Administracións públicas

Outro dos ámbitos onde medrou significativamente o uso do galego foi nas Administracións de carácter autonómico e local. O Observatorio da Lingua Galega ligado á Secretaría Xeral de Política Lingüística desenvolveu unha serie de indicadores sobre o uso deste idioma en diversos ámbitos e definiu un Índice de Normalización Lingüística⁸ para as Administracións Públicas. Este sistema reúne un total de 33 indicadores agrupados en seis factores co seguinte peso:


- **Factor 1. Imaxe e rotulación (25%):** identificación social, rotulación interna e externa, páxina web e publicidade.
- **Factor 2. Adecuación lingüística do persoal (15%):** adecuación dos coñecementos lingüísticos do persoal segundo o posto e o perfil lingüístico.
- **Factor 3. Criterios de uso lingüístico (15%):** existencia de regras ou normas prácticas que especifican que lingua usar; valoración do galego na incorporación do persoal, incentivos para formarse en lingua galega, etc.
- **Factor 4. Documentos de uso externo (15%):** documentación impresa para o uso externo das administracións.
- **Factor 5. Comunicacions exteriores (20%):** textos, orais e escritos, emitidos polas administracións para a súa difusión externa.
- **Factor 6. Documentación e comunicacions internas (10%):** impresos e documentos estándar, así como comunicacions orais e escritas de carácter interno.

⁸ Este Índice de Normalización Lingüística é unha adaptación do Indexplà un índice para avaliar a presenza do catalán nas organizacións posta en marcha a mediados dos noventa polo Consorci per a la Normalització Lingüística e a Secretaria de Política Lingüística.

Pois ben na Gráfica 11 podemos ver este Índice sintético nas diferentes Administracións avaliadas. É importante ver que este índice se refire fundamentalmente á presenza do galego nas administracións en canto organizacións -aparato administrativo-, non ao desempeño efectivo da súa función pública. Un exemplo claro é o ámbito educativo, que valora principalmente o grao de uso do galego no centro de ensino, e apenas ten en consideración a súa función central en canto lingua vehicular do ensino ou a aprendizaxe desta lingua. Ao meu xuízo débense ter moitas reservas na utilización deste índice tal e como foi aplicado; polo momento precisa un refinamento metodolóxico e comparar cuestións realmente comparables. En todo caso, serve para ver globalmente a presenza do galego nas diferentes Administracións Públicas.

Índice de Normalización Lingüística nas diferentes Administracións Públicas

Gráfica 11



Fonte: Observatorio da Lingua Galega, *Observación no ámbito da Administración 2007*

Apreciamos unha diferenza clara entre as administracións autonómica e local por unha banda, e as vinculadas coa Administración do Estado por outra, onde a presenza do galego é moi escasa. Tamén chama a atención que a Administración coa responsabilidade principal na normalización lingüística non dispoña dun nivel máis elevado de utilización.

Durante as últimas décadas tamén se foi incorporando un grupo de lingüistas profesionais ás diferentes administracións co obxecto de que as institucións e o seu persoal utilizase de xeito adecuado o galego. O seu labor centrouse primeiro na tradución para o galego e logo na corrección e acompañamento na cualificación do persoal da entidade, que facilitaba fluidez e seguridade neste idioma tanto no plano oral como escrito. Moitas administracións, sobre todo locais e universitarias, foron incorporando Servizos de Normalización Lingüística que ademais de facilitar a corrección e seguridade no uso do idioma asumiron a función de promoción social do galego. Algúns destes servizos foron os principais dinamizadores da normalización lingüística nos seus territorios, auténticos catalizadores da actividade de promoción tanto dentro da organización como cara á sociedade, sendo os axentes máis innovadores na acción de revitalización do galego e os principais responsables da planificación lingüística das entidades e das súas comunidades sociais. A Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua foi a entidade que os agrupou e facilitou a súa cualificación e actuación conxunta, un auténtico viveiro de iniciativas e banco de boas prácticas.

Vitalidade do idioma galego

“As tres linguas sobre o uso das cales está xustificada o optimismo son o galego, o ladino e o galés” esta afirmación está extraída do *Euromosaic, Producción e reprodución dos grupos lingüísticos minoritarios da UE* con data en 1996. Esta investigación é un dos mellores traballos comparativos que inclúen o galego, e está

referida ás “linguas menos utilizadas” dos 12 Estados membros da Unión Europea anterior ao 1995. Nesta investigación asignábase unha puntuación a cada grupo lingüístico con respecto a sete variables principais: a función da familia (1), da comunidade (2) e da educación (3) na produción e reprodución dos grupos lingüísticos, o valor da lingua para a mobilidade social: o prestixio da lingua (4), a importancia da cultura na reprodución (5), a lexitimación (6) e institucionalización (7) do uso da lingua. Pois ben o galego puntuaba 3 sobre 4 en todos os apartados, en total 21 sobre un máximo de 28 puntos, de xeito que ocupaba o 5º posto das 48 linguas analizadas; por diante estaban o alemán de Bélxica e de Italia, o catalán e o luxemburgués⁹. Está claro que son datos de hai tempo e que nos comparan con quen está “mal”, e seguramente algunhas conclusións son cuestionables (por exemplo sitúa o catalán de Valencia por riba do das Illas Baleares e do éuscaro no País Vasco, cousa discutible a día de hoxe), pero permite ter un elemento de comparación que avalía cunha certa obxectividade a nosa situación.

No Atlas UNESCO das linguas en perigo de desaparición no mundo¹⁰ figura unha lista de 2500 linguas na súa edición de 2009 e o galego non aparece porque se considera “a salvo”. Houbo dúas edicións anteriores deste atlas, no ano 1996 o galego non se recollía, pero na edición de 2001 incluíase como lingua “en perigo” -tamén o catalán se incorporaba como potencialmente en perigo, idioma considerado como o máis forte dos minoritarios de Europa-. O avaliador europeo era o mesmo pero semella que foron máis severos na valoración do 2001; en todo caso, agora non se recolle en ningún dos cinco graos definidos sobre o perigo de extinción das linguas: I) vulnerables, II) en perigo, III) en grave perigo, IV) en perigo crítico, e V) extinguidas. Advirto que este traballo refírese sobre todo a idiomas que están nunha situación moito máis precaria que o galego, diríamos linguas que están na UCI e que algunhas probablemente non sexan capaces de sobrevivir aos embates do século XXI, as únicas linguas peninsulares recollidas nesta edición son o ástur-leonés, aragonés, e aranés (gascón) na categoría en perigo, e o éuscaro como vulnerable; en diferentes graos aparecen outros idiomas recoñecibles para nós como o gaélico irlandés e escocés, o galés, o bretón ou o corso.

Pois ben, o grupo de expertos da UNESCO que definiu o marco analítico¹¹ para valorar a vitalidade e perigo de desaparición das linguas establece 9 factores en relación coa vitalidade dunha lingua:

- Factor 1. Transmisión interxeracional do idioma.
- Factor 2. Número absoluto de falantes.
- Factor 3. Proporción de falantes con respecto a poboación total.
- Factor 4. Cambios nos ámbitos de utilización da lingua.
- Factor 5. Capacidade de reacción ante os novos ámbitos de actividade e os media.
- Factor 6. Disponibilidade de material destinado á alfabetización no idioma e o ensino deste.
- Factor 7. Actitude ante o idioma e política lingüística das autoridades gobernamentais e as institucións, incluída a cuestión do seu recoñecemento e usos oficiais.
- Factor 8. Actitudes dos membros da comunidade de falantes cara a súa propia lingua.
- Factor 9. Cantidade e calidade de documentos no idioma.

Que cada quen valore se Tapani Salminen, o responsable de valorar as linguas europeas en perigo, acertou incluíndo (en 2001) ou eliminando (en 2009) o galego do *Atlas de linguas en perigo de extinción*.

Quero chamar a atención sobre un pequeno paradoxo: os momentos que consideramos o galego con maior vitalidade (fóra da Idade Media), este idioma estivo ausente de ámbitos que hoxe nos parecen imprescindibles para a súa supervivencia (educación, Administración...). A dinámica de reprodución diglósica do galego facía que dispuxese dunha vitalidade enorme no ámbito comunitario, e ao mesmo tempo fose alleo aos ámbitos máis formais ou prestixiados. En tempos recentes o galego foi gañando presenza en novos ámbitos e funcións e foina perdendo no ámbito comunitario. O certo é que hoxe é moito maior a relevancia destes ámbitos na sustentabilidade dunha comunidade lingüística. A importancia das administracións públicas non é o mesmo hoxe que con anterioridade á extensión do Estado do Benestar, a educación ten un vínculo máis directo co desempeño profesional, e as linguas teñen maior centralidade no traballo de moita máis xente que nos períodos anteriores.

9] O alemán sería un grupo lingüístico extraterritorial, e o luxemburgués unha lingua de Estado intraterritorial “menos utilizada”, grupos diferentes aos que habitualmente asociamos ás linguas minoritarias.

10] <http://www.unesco.org/culture/ich/index.php?lg=es&pg=00139>

11] *Language Vitality and Endangerment*, UNESCO Ad Hoc Expert Group on Endangered Languages, 2003 [<http://www.unesco.org/culture/ich/index.php?lg=es&pg=00142>].

Conclusións: Evolución contraditoria do idioma galego, complexidade das análises e das solucións

É importante comprender que a evolución da lingua galega vai en sentidos diversos, non é un proceso coherente nin unívoco, e moitos condicionantes actuais non son nin para mellor nin para peor, son para distinto. As sociedades cambian e as linguas vense afectadas. As transformacións non teñen un efecto neutro, pero non todos os cambios van en contra das linguas minoritarias. Por exemplo é posible que nunca o movemento civil de revitalización da lingua galega fose tan dinámico e plural coma hoxe, e isto non é un simple efecto rebote ás agresións.

Galiza é lingüísticamente diversa. A lingua galega é hexemónica en diversos contextos e marxinal noutros, e todo isto mediado polas relacións de poder existentes entre os falantes. Os usos do idioma galego van variando pero non debemos concibir a evolución do galego como lineal, no que unha fase despraza as anteriores. Na realidade dáse unha superposición de estratos que cohabitan entre xeracións, tamén dentro de cadaquén conflúen actitudes e pulsións contraditorias. Baixo un mesmo teito pode convivir quen ten o galego como referencia comunitaria, quen pensa que o do galego non vale para nada, quen lles fala aos fillos este idioma nun contorno “hostil”, e quen chamándose Xiana e tendo o galego como lingua da familia fala castelán. Insisto, non se trata de xente dun tipo nin doutro, a mesma persoa actúa de xeito diferente en función do contexto, toda esta complexidade ten un carácter interno que opera dentro de cadaquén.

Facendo un exercicio de resumo conclusivo para poder comprender globalmente a realidade, vou desenvolver unha serie de interpretacións agrupadas en tres grandes vectores que funcionan en sentidos contrarios: uns a favor e outros en contra da revitalización social do idioma galego. Estamos falando de dinámicas a nivel macro, movementos que poden ter axente ou non, poden ser inercias que actúan sen que ninguén as impulse; alguén as impulsou noutro momento pero na actualidade poden operar de forma automatizada.

Procesos en contra

1. Estado nacionalizador monolingüe

En toda Europa asistimos a partir da Idade Moderna a un proceso histórico de construción dos Estados-nación que procuraron unha correspondencia entre a cultura e o espazo político. No caso español a lóxica da homoxeneización cultural dentro das fronteiras do Estado dispuxo que o castelán era a única lingua do espazo público, na que funcionaban os aparatos do Estado. Durante séculos este proceso tivo diversas concrecións no plano normativo (obrigando e prohibindo linguas), discursivo (xerarquizando e connotando os usos lingüísticos) e mesmo de enxeñería social (situando personaxes leais á coroa ou ao poder central en lugares clave), que xogaron de forma dramática en contra do galego. Nalgún sentido a construción do Estado-nación español non foi tan exitosa como outras da nosa contorna, nin no referido á conformación dunha nación monocultural axustada ás fronteiras do Estado, nin no plano da lexitimidade única do poder político.

“As linguas do Estado, as linguas *modernas*, as que debían utilizarse para exercer actividades *modernas* que esixían a esencia da razón: administración, educación, ciencia. As outras podían utilizarse no contexto emocional do *tradicional*”, esta cita do *Euromosaic* mostra a distribución de usos que se deu historicamente entre as linguas en Europa. O galego foi desprazado dos usos cultos durante os últimos cinco séculos no proceso de conformación do Estado-nación moderno. Tamén tivo efectos perceptibles na utilización da lingua castelá cando menos a partir do século XIX; a penetración entre as clases dominantes do ámbito “urbano” ten relevancia nestas datas e a permeabilización cara a boa parte do espazo urbano foi moi ampla no primeiro terzo do século XX.

Este proceso mantén inercias na actualidade de forma que as Administracións vinculadas ao goberno central manteñen o castelán como idioma predominante. Durante todo este período tamén houbo unha asimetría na consideración legal das linguas, existe o deber de coñecer o castelán para toda a cidadanía pero non se aplica no caso do galego. Agardemos que o Tribunal Constitucional que eliminara este deber para equiparar ambos os idiomas na Lei de Normalización Lingüística galega, permita incorporalo na actualidade tal e como se recolle no Estatuto de Cataluña validado por este Tribunal: “Todas as persoas teñen o dereito a utilizar as dúas linguas oficiais e os cidadáns de Cataluña o dereito e o deber de coñecelas”. A igualdade normativa é un requisito fundamental para a igualdade real e o bilingüismo efectivo.

2. A modernización “desarrollista” estendeu a substitución lingüística

O castelán xa penetrara de forma importante no ámbito urbano hai un século pero a inmensa maior parte da sociedade galega era rural –a que permanecía no territorio, claro–; o certo é que tiñamos cidades pero chamábanse A Habana e Bos Aires, e despois Zürich e Barcelona. A migración masiva a partir dos anos 50 do rural galego, cara a cidades americanas, europeas, e cara a cidades galegas, produciu unha sangría demográfica das aldeas, da que aínda hoxe percibimos os efectos. Este movemento tivo un efecto provisional de “galeguización” das cidades (perceptible aínda hoxe en barrios como os Mallos ou Teis), e de desgaleguización global do conxunto.

Galiza era un país eminente rural e vinculado ao sector primario en termos demográficos na altura dos anos 50. Este contexto social, que tiña conta do idioma galego, foi minguando de forma drástica. A partir desta data asistimos a unha perda masiva de falantes debido, sobre todo, á interrupción abrupta do proceso de transmisión de pais/nais a fillos/as.

O proceso masivo de substitución lingüística está asociado ao “desarrollismo”. Non estou dicindo que sexa a *causa*, senón que a modernización producida en Galiza a partir destes anos foi tan profunda e acelerada que modificou a pauta de reprodución da lingua galega. Este proceso de modernización constrinxiu o espazo rural, e no paso cara ao urbano o galego foi quedando polo camiño. A mobilidade social ascendente estaba asociada ao uso do castelán, e nese novo contexto a sociedade víase impelida a abandonar o galego, había que falarlles aos fillos o castelán “polo seu ben”. As cidades operaban como contextos castelanófonos, a televisión comezaba a ter unha ascendencia importante e a propia escola asumía un novo papel na cualificación profesional de moitos traballadores de novo tipo. Ademais da presión do Estado, a ideoloxía dominante, os prexuízos, etc. o uso do castelán era un prerequisite de orde práctica para desenvolverse en moitos ámbitos.

O proceso de modernización de Galiza non foi analizado en toda a súa complexidade: cambios económicos e produtivos, urbanización, cambio de valores, chegada da democracia e da autonomía, expansión do Estado do Benestar, etc. Nas últimas décadas as mutacións foron amplas e profundas, temos pendente analizalas en toda a súa complexidade para comprender as repercusións económicas, sociais e mesmo psicolóxicas.

3. Reacción á normalización lingüística

O galego tamén era unha marca de diferenciación de clase, as clases dominantes dispoñían dun símbolo de “distinción” fronte ao pobo. O galego delataba unha procedencia social que en moitos casos se quería ocultar. Esta lóxica de distinción social é o que dá conta dunha realidade aparentemente irracional: parece moi razoable abrazar a lingua que permite mellorar na vida, pero que sentido ten abandonar a lingua propia? Pois desprenderse dun estigma de procedencia, unha marca de identidade negativa que era preferible borrar.

A marca de “distinción” por definición debe ser reservada a un couto exclusivo, privilexio para uns poucos. Cando o acceso á lingua prestixiada se vai facendo extensivo ao conxunto da sociedade mudan os elementos diacríticos: se todo o mundo sabe castelán a distinción das clases dominantes sitúase na connotación de cousas máis sutís como o acento, as destrezas ilustradas na lingua de prestixio, pero tamén na ignorancia a respecto da lingua “inferior”. A distinción en certos ámbitos maniféstase demostrando o lonxe que se está do galego, como ben dan conta moitas formas de mofa popular.

Unha vez que o galego se incorpora ao mundo público como un idioma equiparable ao castelán algo se remove no social. Algúns sectores acomodados non aceptan de bo grado que os coñecementos da xente do común teñan o mesmo valor ca os outros, non aceptan ter que aprender unha lingua que carecía de importancia baixo os seus parámetros, e o que xa é o mundo ao revés é que poida ser apreciada como un valor engadido, que o símbolo do atraso se resignifique como unha vantaxe comparativa que amplía as oportunidades diante dos monolingües en castelán.

Nos movementos contrarios ao avance da lingua galega conflúen discursos de procedencia diversa; uns proceden desta lóxica de distinción de clases dominantes, e outros están máis relacionados cun discurso recentralizador vinculado a unha versión excluínte e etnicista de España, na que a relación entre linguas debe ter unha xerarquía clara en favor do castelán. Propoñen un bilingüismo estruturalmente desequilibrado: o castelán debe ser obrigado para todos en todos os lugares, e o galego para quen o queira.

Estes sectores non procuran unha sociedade multilingüe formada por individuos plurilingües, digamos bilingüe no momento actual. Reivindican o dereito á ignorancia do idioma galego, non queren que os “mareen

con iso do galego”. Toleran que o fale quen o queira e mesmo teña un certo correlato no ámbito público, sempre e cando non contamine o seu espazo. Comprenden o bilingüismo como cohabitación de comunidades, unha con igualdade de dereitos e obrigas e outra na que quen queira prescindir do galego teña a liberdade e o dereito de facelo. Moi bilingüe e moi igualitaria non parece, a concepción da liberdade como dereito á ignorancia -desconsiderando a toda unha parte da sociedade- tampouco semella favorable á convivencia e a integración social, e desde logo reducir as capacidades da cidadanía non debería considerarse un factor de desenvolvemento humano, persoal ou colectivo. Debemos valorar este discurso na súa xusta medida, é minoritario na sociedade galega pero moi influente dada a relevancia de moitos apoios, e con gran capacidade de influír en moita xente, pola ascendencia dos seus axentes, polos recursos á súa disposición e pola forza da súa mensaxe, xa que incomprensiblemente se apropiaron de valores como o bilingüismo e a liberdade -ao meu xuízo contrarios aos seus postulados.

Procesos a favor:

1. Lingua pública

A chegada de novo da democracia e a institucionalización de Galiza como Comunidade Autónoma tivo un efecto moi positivo para a lingua galega. O parlamento e o goberno autonómico foron claves para concibir a situación do galego como un problema público e a normalización lingüística como un compromiso colectivo que se incorporou de forma estrutural á acción das institucións públicas.

As accións públicas que tiveron e teñen especial relevancia son: a incorporación do galego ao sistema educativo, como materia e como lingua vehicular; a creación da Radio e a Televisión autonómicas; ou a incorporación como lingua ordinaria de funcionamento da Administración sobre todo no plano escrito, isto tamén se estendeu a outros ámbitos administrativos (concellos e universidades principalmente). Foi neste momento cando se procedeu á fixación e desenvolvemento do corpus lingüístico -confrontación incluída-, así como á proliferación de materiais e cursos para a aprendizaxe do galego e a difusión da norma estándar.

Outras accións promoveron o prestixio do idioma e tentaron neutralizar os prexuízos negativos, así como remover obstáculos para a utilización do galego; varias accións foron encamiñadas neste sentido tanto polo departamento de Política Lingüística autonómico, como polos Servizos de NL ou os Equipos de NDL. Institucións como a Real Academia Galega, o Instituto da Lingua Galega ou o Consello da Cultura Galega foron claves na fixación e desenvolvemento do corpus lingüístico, mais tamén na análise, no asesoramento das accións públicas e no impulso de iniciativas de promoción do galego. A súa *auctoritas* tamén tivo relevancia na lexitimidade dos discursos de revitalización do idioma galego, e a súa transcendencia social.

O autogoberno permitiu que o idioma propio fose incorporándose a ámbitos nos que non estivera presente desde había séculos, chegando a ter unha presenza moi relevante nalgúns, como o ensino, prohibidos ata entón. Algunhas políticas incentivaron a produción de recursos en lingua galega, e mesmo tivo certas utilidades instrumentais como no acceso á (algunha) función pública. Mellorou o prestixio do galego -que foi superpoñéndose e erosionando os prexuízos contrarios-, e converteuse nalgúns planos no idioma politicamente correcto, o que se debía falar no espazo público -como no debate político- á marxe de cal fose a lingua do interlocutor. A ritualización dos usos e a súa connotación con determinados tipos de expresión foron algunhas das peaxes.

Desde logo non se acadaron os obxectivos fixados e podemos valorar como insuficientes ou inadecuadas as accións da Xunta de Galicia durante o período autonómico; pero unha cousa é consideralas ineficaces e outra estimar que non foron favorables á revitalización da lingua galega. É obvio que polo momento a acción pública non serviu para conter o proceso de substitución lingüística, iniciado había séculos e acelerado nas últimas décadas. Non tivo efecto de reversión do proceso de substitución, pero desde logo foi beneficioso (polo menos ata o momento). Estes anos deberan proporcionarnos algunhas aprendizaxes, por un lado, facer-nos conscientes dos límites da intervención pública na revitalización dun idioma -coñecemos o éxito dispar de normativas e estratexias semellantes en contextos distintos-; por outro lado, a necesidade do amparo, e mesmo liderado, do sector público nas estratexias de promoción do galego, o ámbito público debería cumprir unha función compensadora da ausencia deste idioma noutros ámbitos.

2. Lingua comunitaria

Se o galego se mantivo cunha enorme vitalidade ata ben entrado o século XX foi porque era a lingua da comunidade, na que a xente se socializaba. O grao de “retención lingüística” do galego é moi alto se o contexto non varía; de feito, a transmisión de pais/nais a fillos/as continúa tendo unha importancia que non debemos desprezar. O galego segue sendo o idioma maioritario da sociedade galega por ser o idioma de socialización comunitaria de boa parte da sociedade. Migracións diversas conduciron ao abandono dun idioma que perdía o seu contexto reprodutor e relaxaba a presión comunitaria no espazo urbano/vilego, e, sobre todo, era preferible deixar de lado no novo contexto para a mobilidade social.

O galego é o idioma maioritario da poboación, camiño de deixar de selo, pero nin o punto de partida do comezo do período autonómico –nin do século XX– era do 100% de galegofalantes, nin o de chegada é do 100% de castelanfalantes a medio prazo. Hai ámbitos no noso país onde a transmisión interxeracional do galego non foi interrompida, e non son reservas de nativos alleas á “civilización”. En Galiza non todo son cidades ou aldeas con vellos –ambas moi respectables.

Como expliquei, podemos apreciar un freo na caída de galegofalantes, non sabemos ben se se minora ou se se contén, pero a perda é moito menor que hai unhas décadas. Existe, ao meu xuízo, un *solo de reproducción lingüística* para o galego, seguramente será un froito combinado da acción pública e civil en favor do idioma, pero débese sobre todo á existencia de espazos de reprodución lingüística, contextos nos que a transmisión continúa de forma “espontánea”. O ambiente, a inercia e a lealdade comunitaria fai que continúen falando unha lingua que para eles é a súa, a dos seus pais e a que se fala “alí”. Esta dinámica de reprodución lingüística dá conta do proceso central de contención do galego, que se mantivo en moitos ámbitos sociais e familiares. Houbo ademais unha certa penalización ao “traidor”, ao desleigado, aqueles que abandonaban ou desprezaban os símbolos da comunidade; as mofas populares sobre os “señoritingos” da vila son considerablemente máis crueis cara aos aldeáns que pretendían distinguirse falando o castelán, ser máis ca o resto.

O galego foi aumentando novos ámbitos de uso e funcións, pero a súa vitalidade permanece por ser a lingua da comunidade, a que moitos galegos falan cos “seus”. En todo caso, cada vez é menos un fenómeno automático derivado do contexto e da inercia, e pasa a ser unha opción froito da lealdade. Noutras palabras, o contexto galegófono e o feito de ser a lingua inicial na que aprenden a falar é clave para a “retención lingüística”, pero a cada paso é un proceso máis reflexivo no que a consciencia adquire certo protagonismo, óptase por continuar falando este idioma e estender o seu uso alén do ámbito comunitario. Unha conxunción borrosa do vínculo emotivo e o nexa comunitario adquire un valor central para continuar falando e transmitindo a lingua propia á descendencia. Moita xente “resignifica” o seu propio comportamento, deixa de ser unha marca de identidade negativa para converterse nun motivo de orgullo. Durante tempo, moita xente maior (e non só) falou/a galego pero non lle atribúe apenas valor, isto foi mudando nas últimas décadas, de xeito crecente falar este idioma ten un compoñente de consciencia e de apreciación do propio.

3. Lingua civil

A vindicación do idioma galego ten personaxes insignes claves para a propia concepción Galiza como unha comunidade cultural e política diferenciada, e para a súa conformación como suxeito colectivo moderno. Estes precursores, seguramente os máis lúcidos e sensibles do país, abriron un movemento de toma de conciencia da situación do país, facendo da lingua un elemento consubstancial á identidade como pobo. Este proceso é de reivindicación pero sobre todo de produción cultural, chegando a constituír co tempo un sistema cultural relativamente denso e vinculado ao idioma galego en certos ámbitos (literatura, teatro ou música de raíz, por exemplo).

Na Transición a loita pola democracia e o autogoberno foi un momento de nova emerxencia da lingua galega, constituíndose no idioma preferente de uso das expresións democráticas e das manifestacións culturais. Foi asumido de forma crecente polas diferentes forzas políticas e sociais, que incorporaban o idioma aos seus usos, promovían a súa revitalización no espazo público e demandaban políticas de normalización lingüística. O galego era o idioma do pobo, lingua da maioría social, lingua da xente do común humilde, lingua da comunidade cultural, fonte de lexitimidade onde conflúen as aspiracións democráticas, progresistas e galeguistas.

Desde os anos 80 ata a actualidade o activismo en defensa do galego foi un dos movementos máis dinámicos da nosa sociedade, que tivo unha penetración social importante, hexemónica en campos como o

educativo, e cunha capacidade de mobilización importante -as manifestacións en defensa do idioma do país foron das máis importantes da nosa historia.

O movemento civil de vindicación da lingua galega foi clave na toma de consciencia sobre o idioma, e un dos axentes que promoveu a acción política de normalización. A intervención pública foi en moitos casos debedora do activismo civil a prol do idioma, ben pola sedución de moitas persoas que mantiveron unha actitude de iniciativa e alento constante diante dos decisores políticos, ben por presión social para que os responsables públicos asumisen os seus compromisos e fixesen o que declaraban, mesmo en normas xuridicamente vinculantes. A expansión de usos do galego a novos ámbitos e funcións é debedora deste movemento difuso de vindicación consciente da lingua galega.

Non se pode comprender a realidade recente do idioma galego sen valorar a centralidade de entidades como *Nova Escola Galega*, a *Asociación Socio-Pedagóxica Galega*, a *Mesa pola Normalización Lingüística*, a *Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística*, a *Associação Galega da Língua* ou as recentes *Queremos Galego*, *Galego:Patrimonio da Humanidade*, *Prolingua*. Tamén as de novo tipo máis concibidas como comunidades 2.0, espazos de traballo colaborativo para a creación de recursos ou redes de iniciativas e de comunicación: as *ciberirmandades*, *galego21.org*, a *galipedia* ou o fenómeno do *blogmillo*, tamén as recentísimas como *galegolab*. Moitas destas iniciativas civís redundaron en proxectos institucionais como *Mancomún*, *galego21.net* ou a iniciativa *.gal*. É importante coñecer que a presenza do idioma galego en internet ou nas TIC é bastante superior a outros campos tradicionais, se comparamos por exemplo os recursos TIC ou a cantidade de contidos en galego na rede co seu uso na prensa escrita, o balance é moi favorable para o contexto da sociedade da información.

En todo caso este movemento non se limita á acción organizada polas entidades, senón que moita xente, á marxe das entidades, estende o seu compromiso á súa vida persoal e profesional. Un activismo difuso e silencioso fai que o galego chegue a moitos ámbitos froito desta iniciativa de axentes anónimos con nomes e apelidos, auténticos activos para a revitalización civil do noso idioma.

A mudanza política de 2009 foi un auténtico shock para os axentes promotores da lingua galega, o que parecía inamovible poñíase en cuestión. O cambio, ao meu ver, non ten tanto que ver co contido das novas normas, como coa percepción da involución, constatar que a lóxica pública non ten porque ser a da promoción. O activismo sempre desconfiou da intervención da Xunta, esa non é a novidade, o problema é ver que os discursos contrarios á normalización lingüística poden ter moito eco na sociedade e influír nos gobernantes. Hai consciencia de que a acción civil sen ningún amparo público -mesmo discursivo- é pouco efectiva. Se a promoción do galego deixa de ser politicamente correcta afecta as nosas bases de lexitimación. Considero que a revitalización do galego é unha aspiración moi maioritaria da sociedade galega, o movemento de resposta á involución da política lingüística é moi importante, dinámico e plural. As accións de pública repulsa ás agresións tiveron unha forza enorme, pero van moito máis alá na sociedade, o capital político da identidade tamén está en xogo. En todo caso, o galeguismo sempre se concibiu de forma xenerosa, continuemos facendo da revitalización do idioma propio un obxectivo nacional, que sexa compartido pola inmensa maior parte da cidadanía.

Novos valores, novas oportunidades

Durante as últimas décadas asistimos a un cambio de valores, estendeuse unha actitude favorable cara ao galego, os prexuízos na súa contra foron reducíndose e mudando; moitos cidadáns foron reconsiderando o seu valor, mais non se transformou en usos.

O denominado cambio de valores da “subsistencia” cara aos de “auto-realización” (posmaterialistas) é unha constante das sociedades occidentais na segunda metade do século XX. A defensa do ambiente, dos dereitos civís, das minorías culturais ou da xustiza, ten un correlato en Galiza no novo valor asignado á terra ou ao patrimonio fronte á especulación, a igualdade entre sexos e a solidariedade fronte a dominación; ou liberdade de formas de vida fronte ás coercións legais ou comunitarias. O movemento contemporáneo de revitalización do galego entra nesta orde de fenómenos, a procedencia social dos activistas, o repertorio de formas de protesta, o tipo de discurso e as dinámicas do movemento teñen que ver con isto. Unha maior reflexividade social permite resignificar características asociadas ao “atraso” e á sociedade preindustrial como activos para a emancipación e o desenvolvemento humano.

Este é claramente o caso do galego, a vindicación deste idioma na modernidade “reflexiva” asígnalle un novo valor que apenas tiña na sociedade tradicional ou na sociedade “industrial”. Como nos outros casos

entran en conflito con inercias e outras formas de comprender a realidade, pero sobre todo a distancia entre a consciencia dos fenómenos e o cambio de condutas non é pequena. No caso do galego o paso da actitude social favorable á utilización efectiva deste idioma non é sinxela para os sectores sociais que xa non o falan. A consciencia e o comportamento non levan o mesmo ritmo social, e tampouco a coherencia ten que chegar necesariamente.

En todo caso, esta nova actitude cara á lingua non debe ser desprezada polo feito de non se materializar en uso efectivo do idioma. Xorden fenómenos que debemos comprender adecuadamente; moitos castelanfalantes demandan a revitalización do galego e reivindicán políticas de promoción deste idioma, esta é unha das razóns polas que non me parece axeitado comprender a situación como un conflito entre comunidades de falantes. Asistimos a un fenómeno emerxente, minoritario pero cualitativamente esperanzador: pais e nais castelanfalantes que queren que as súas fillas e fillos falen en galego, ás veces fálanllelo outra non, mais queren que sexan escolarizados nesta lingua.

Para comprender a situación do galego debemos fixarnos no comportamento (uso) mais tamén na vontade (aspiracións). Ao meu xuízo un dos erros malintencionados da consulta aos pais por parte da Xunta é confundir o que a xente fai co que a xente quere, a socioloxía coa democracia.

Esta reflexión tamén é válida para o activismo pro-galego. Unha das nosas fontes de lexitimidade era o uso maioritario da sociedade, ao que lle presupoñiamos unha vontade de falalo; isto non é exactamente así, moita xente que o falaba non tiña maior aprecio polo idioma e menos unha valoración positiva na normalización lingüística. Hoxe a situación está variando, debemos repensar o significado da vontade, a importancia de moita xente que non o fala pero si quere que o falen as novas xeracións -e de ser o caso os seus fillos-, apoia as accións de revitalización do galego ou políticas de promoción. Neste sentido os neofalantes deben ter un novo papel, e dispoñer dinámicas de acollemento que favorezan este difícil paso para moitos.

Moitos sectores, promotores e contrarios, asumen de forma tácita que a sociedade non quere o galego, no fondo desconfían que a defensa do propio sexa un sentir maioritario. Eu tamén estou convencido de que a maior parte da sociedade non desexa unha proposta de normalización comprendida como unha guerra de confrontación do galego co castelán, pero iso non é o que está en xogo. Ao meu xuízo boa parte da cidadanía é receptiva e favorable á revitalización do galego con formas e intensidades diversas. Os procesos de revitalización dunha lingua minorizada son longos. Creo que precisamos renovar o discurso e dispoñer dunha estratexia sedutora pensada desde Galiza para a sociedade da información. Apropiámonos das ideas que son apreciadas pola sociedade como valores de desenvolvemento humano -liberdade, plurilingüismo, xustiza...-. Que a xente conciba o galego como algo valioso para a súa vida, que as persoas están no centro das estratexias de revitalización do idioma.

Proclama final: lingua democrática do meu pobo

A revitalización do idioma galego é valiosa para a cidadanía galega, tanto a nivel persoal como colectivo. Menciono tres argumentos centrais amplamente aceptables para a gran maioría da sociedade galega.

- Multilingüismo como unha fórmula para ampliar as capacidades e as oportunidades das persoas e do conxunto da sociedade, entre elas o valor engadido do portugués. Fronte á alternativa do monolingüismo en castelán.
- Igualdade efectiva para toda a cidadanía, garantir dereitos e liberdades a todos os cidadáns removendo as discriminacións existentes e desenvolvendo estratexias de acción afirmativa para acadar a igualdade. Fronte a un trato equivalente dos idiomas que reproduza as desigualdades existentes.
- O galego é un ben público valioso para toda a comunidade, a lingua propia debe ser salvagardada e desenvolvida en canto ben común, máis alá dos seus falantes o conxunto da cidadanía está interesado na súa sustentabilidade. Fronte á consideración da lingua galega como o sumatorio de falantes actuais.

Precisamos un novo discurso con motivacións positivas. A resposta ás agresións é absolutamente necesaria, pero debemos ser conscientes de que a lóxica reactiva ten unha gran capacidade de mobilización, pero un escaso valor de sedución de cara a manter e gañar falantes para o noso idioma. O discurso á contra debería incorporar un discurso positivo e ilusionante que nos permita recuperar a iniciativa e a hexemonía social a respecto do valor da revitalización do galego para o futuro da cidadanía. Temos razóns solventes e debemos poñelas en diálogo coa sociedade, a solidez dos nosos argumentos debería vincularse a estratexias de sedu-

ción, fundar unha nova relación de diálogo aberto coa cidadanía en toda a súa pluralidade de posicións.

Ao meu xuízo o relato da resistencia -un pobo que resiste séculos de agresións externas e internas- debe ser acompañado doutros discursos: o da emoción -o vínculo cunha comunidade próxima da que te sentes parte-; o do interese -unha lingua que nos amplía as oportunidades para mellorar na vida-; o da reflexión -a lingua como activo que aumenta as capacidades de comunicación no mundo-; o dos soños -un proxecto compartido de futuro-. Penso que a épica ten unha enorme potencialidade mobilizadora, pero tamén a lírica, a micronarrativa, o ensaio ou comunicación viral.

En conexión cos procesos de fondo favorables, comentados nas conclusións, penso que a revitalización da lingua galega debe estar asociada aos valores universalmente recoñecidos que conectan con estes procesos. A lingua galega debe asentarse na igualdade política, na fraternidade comunitaria, e na liberdade civil. Porque temos vontade de ser.

Unha expresión reiterada no campo galeguista é o verso de Novoneyra “Non a forza do noso amor non pode ser inútil”, pero non o cremos moito; pensamos que o esforzo galeguista é inútil. Eu non o creo, teño confianza, fundada confianza. Decía Castelao “Nós temos fe no noso pobo, e moi logo o noso pobo terá fe en nós”. Unha reformulación en clave de republicanismo cívico podería declarar: teñamos fe no noso pobo, para que el teña fe nas súas propias capacidades, confiar nun futuro labrado por nós, o pobo galego. Pero non tanto no pobo como abstracción senón como cidadanía concreta. Confianza.